



**ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PLATAFORMA REMOLCABLE PARA OS SERVIZOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, en acto público no Salón de Sesións e ás 9,45 horas do día 19 de decembro 2013, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, alcalde-presidente, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello D<sup>a</sup> Irene Suárez López, o aparelador municipal D. José M<sup>a</sup> Melero González, o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D<sup>a</sup> María Jesús Blanco Martínez.

Pola Secretaria da Mesa ponse en coñecemento da notificación efectuada aos licitadores que se presentan ao referido contrato, Plataformas Daryat, S.L. e Grau Maquinaria i Servei Integral, S.A., dándose traslado do acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 5 de decembro 2013, a efectos de trámite de audiencia. Rematado o prazo concedido aos licitadores e ao non presentar ningunha alegación ao respecto, A Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

*"1º.- Non admitir a proposta económica presentada pola empresa GRAU MAQUINARIA I SERVEI INTEGRAL, S.A, con enderezo en Avda. Sant Juliá , 190-192, cp 08403 Granollers (Barcelona) por non cumprir coas prescricións técnicas esixidas na licitación do contrato da plataforma elevadora.*

*2º.- Proponer á empresa **Plataformas Daryat, S.L.**, CIF B85566982, con enderezo en barrio Kukullaga, nº 4, 48450 Etxebarri (Bizkaia), como adxudicataria do contrato, por ser a única proposta económica admitida ao cumprir coas prescricións técnicas e administrativas que rexeñen a contratación, que ofrece un prezo de 21.860,00€ e 4.590,60€ de IVE, sumando un prezo total de 26.450,60€, que se eleva ao órgano de contratación para requirir ao licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público."*

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

A SECRETARIA DA MESA

Asdo. M<sup>a</sup> Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Irene Suárez López.

O APARELLADOR MUNICIPAL

Asdo. José M<sup>a</sup> Melero González.

O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

Asdo: Marcelino E. Céndón Vázquez.

